



DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Expediente: 5296/2022

Visto o decreto desta alcaldía número 2023-2440 de 09-08-2023 polo que se resolveu, de conformidade cos informes que constan no citado expediente, o seguinte:

“PRIMERO.- Revogar parcialmente as bases do programa de bono enerxético para persoas vulnerables ou en risco de exclusión para o ano 2023 e o decreto da alcaldía número 2023-1660 de data 02-06-2023 que resolveu aprobalo, reformándoo no relativo as correccións indicadas conservando o resto de tales actos no que non contradiga o indicado no presente.

SEGUNDO.- Reiniciar o expediente no que se deberán emendar as deficiencias ou omisións observadas neste informe.

TERCEIRO.- Preservar os dereitos respecto das persoas que xa teñen presentada solicitudes e foron informadas favorablemente no expediente nº 4178/2023, sen prexuízo que estes, sempre antes de que se resolva sobre a súa concesión e o posterior pagamento pola tesourería municipal, acrediten cumprir os requisitos esixidos pola normativa de subvencións e completen a documentación esixida nas bases reformadas, a o igual que terán que facer os solicitantes que se presenten con posterioridade por mor da nova publicación que se faga.

CUARTO.- A presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, é susceptible de recurso de reposición no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación e ante o mesmo órgano que a ditou.”

Visto a proposta formulada polo concelleiro delegado de servizos sociais o día 10-08-2023, das bases reformadas para a concesión de subvencións dun bono enerxético para familias en situación de pobreza enerxética para o ano 2023 con base aos seguintes antecedentes:

“O Pleno do Concello do Porriño de data 9 de marzo de 2023 aprobou o crédito extraordinario 01/2023, expte 1438/2023 para habilitación de crédito para posterior tramitación dunha liña municipal de subvencións destinada a complementos de pago de facturas enerxéticas ás familias en risco de exclusión social, por un importe de 150.000 €.

Nestes intreos existe un escudo de protección fronte a pobreza enerxética de familias afectas por precariedade económica e/ou risco de exclusión social en Galicia. Esta batería de axudas consisten en:

A) Bono social eléctrico (Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica e demais normativa de desenvolvemento), convocado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en colaboración coas principais empresas de comercialización de enerxía eléctrica (encargadas das tramitacións das distintas modalidades existentes). O Bono social eléctrico é un desconto na potencia contratada e a enerxía consumida polo cliente/a, para os seguintes grupos de poboación:

- *consumidores vulnerables: Desconto do 25% (ata o vindeiro 31.12.2023 incrementado ao 65%).*

- *consumidores vulnerables severos: Desconto do 40% (ata o vindeiro 31.12.2023 incrementado ao 80%).*





Concello do Porriño

• *consumidores en risco de exclusión social: Mesmo desconto que no apartado anterior, ademais de posibilidade de acceso a convocatoria anual de axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica desenvolvida pola Xunta de Galicia. Ademais, a este tipo de clientes non se lle pode interromper o servizo durante un período de dous meses dende a declaración de protección de contrato (solicitada dende o departamento municipal de servizos sociais) namentres se resolve a situación de impago de facturas.*

• *Consumidor vulnerable a causa do COVID-19 (Real Decreto-lei 8/2021, de 4 de maio): Desconto do 25% (ata o vindeiro 31.12.2022 incrementado ao 60%). Modalidade vixente hasta el próximo 31.12.2022.*

• *Bono social de xustiza enerxética (Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro): Desconto do 40% ata o 31/12/2023, para fogares con baixos ingresos afectados pola crise enerxética.*

O acceso ao bono social eléctrico nas distintas modalidades ven determinado principalmente polas circunstancias económicas da unidade familiar, ponderándose outras circunstancias como a existencia de persoas con discapacidade ou a condición de familia numerosa).

B) Bono térmico (Real decreto lei 15/2018, de 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores (BOE nº: 242, do 6 de outubro) e Resolución da Consellería de Política Social, de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables, dentro do programa denominado bono social térmico, no exercicio 2021. Complemento autonómico do Bono Social Térmico: Resolución da Consellería de Política Social, de concesión directa de axudas sociais de carácter extraordinario destinadas a complementar o bono social térmico, no exercicio 2021): Programa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables. A súa finalidade é compensar os gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para calefacción, cociña ou auga quente ou para axudar no pago de actuacións de eficiencia enerxética, que permita o aforro. O complemento autonómico do Bono Social Térmico consiste na concesión dunha axuda de carácter extraordinario destinada a complementar o Bono no 2021.

Son beneficiarios do Bono Social Térmico e do complemento autonómico do ano 2021, sen necesidade de realizar ningunha solicitude, as persoas que sexan beneficiarias do Bono Social Eléctrico.

O Concello de O Porriño foi clasificado polo Inega (Instituto Enerxético de Galicia) como zona climática C, polo que importe anual das axudas ascende a:

TIPO DE CONSUMIDOR	BONO SOCIAL TÉRMICO 2021	COMPLEMENTO AUTONÓMICO	TOTAL
Vulnerable	128,86 €	100 €	228,86 €
Vulnerable severo	206,18 €	100 €	306,18 €

C) Axudas urxentes (Auxs) de tipo social para evitar cortes de subministro eléctrico aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión (Orde do 16 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia.): Axuda económica anual destinada ao pago de facturas de consumo eléctrico das familias coa consideración de consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social (facturas emitidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de cada ano). O importe anual de estas axudas é de 300 € (450 € para as familias numerosas).

Que existindo o paquete de axudas referenciado no punto anterior, con vocación de continuidade para o exercicio 2023 nas mesmas ou similares circunstancias, considérase que o programa de bono enerxético impulsado polo Concello de O Porriño debe revestir un carácter subsidiario e complementario dos recursos públicos mencionados, destinado a paliar as situacións de pobreza enerxética de familias deste termo municipal afectadas por situacións de vulnerabilidade económica. O bono enerxético debe consistir nunha axuda económica directa, nos termos que se establezan no oportuno programa.”





Visto o informe de fiscalización as devanditas bases reformadas no que se indica, entre outros extremo, que existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte á presente convocatoria na partida 231.4800005 por importe de 150.000 euros e achégase no expediente documento RC nº 5644 que o acredita e que se informa favorablemente a aprobación do expediente.

De conformidade cos informes que consta no expediente e segundo o disposto no artigo 10.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 7.4 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e coas competencias recollidas nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases que polas que se rexerán a concesión das subvencións do bono enerxético para familias en situación de pobreza enerxética para o ano 2023, en réxime de concorrència non competitiva, así como efectuar a súa convocatoria, e publicalas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello de O Porriño, e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org e nas redes sociais municipais:

BASES REGULADORAS REFORMADAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DE BONO ENERXÉTICO PARA FAMILIAS EN SITUACIÓN DE POBREZA ENERXÉTICA PARA O ANO 2023.

Finalidade:

Establecemento das bases dun programa de bono enerxético, complementario dos demais recursos públicos existentes, impulsado polo Concello de O Porriño para paliar as situacións de pobreza enerxética de familias deste termo municipal. O bono enerxético consistirá nunha axuda económica directa, nos termos que se establezan neste programa.

Poboación destinataria:

A) Persoas titulares dun contrato de subministro eléctrico ou enerxético ubicado no termo municipal de O Porriño, na súa vivenda habitual, e que figuren clasificadas nalgunha das modalidades de bono social eléctrico na data de solicitude, de acordo ao recollido no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica e demais normativa de desenvolvemento e tamén ao contemplado no Real Decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE), así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.

No caso da tramitación de solicitudes segundo o que se contempla neste apartado, considérase que a situación de pobreza enerxética se atopa suficientemente demostrada debido a que contan no momento da solicitude cun título que acredita tal situación (factura de consumo eléctrico a nome dalgunha das persoas que forman parte da unidade de convivencia da persoa solicitante que conteña un bono social eléctrico en vigor).





B) Outras persoas en situación de pobreza enerxética: Poderán ser beneficiarias do bono enerxético do Concello de O Porriño aquelas persoas, que non atopándose nalgún dos colectivos anteriores reúnan os requisitos de nivel de renda familiar contemplados na lexislación vixente para ser clasificadas nalgunha das modalidades de bono social eléctrico, pero non o teñan acadado por cuestións non imputables á propia persoa solicitante.

No caso da tramitación de solicitudes segundo o que se contempla no apartado **B)**, o departamento municipal de servizos sociais comunitarios básicos do Concello de O Porriño emitirá un informe-proposta sobre as dúas seguintes cuestións:

- A situación de pobreza enerxética con arranxo aos criterios contemplados no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica e normativa de desenvolvemento. Tamén se terá en conta o contemplado no Real Decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE), así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.
- A causa non imputable á persoa solicitante ou ás persoas que forman parte da súa unidade de convivencia que lles impide incluírse nalgunha das modalidades de bono social contempladas na lexislación vixente, dacordo á documentación relacionada en este programa e que deberá ser aportada no intre da solicitude.

C) Persoas que precisen do mantemento do subministro eléctrico para garantir a correcta cobertura de tratamentos médicos.

Importe do bono enerxético do Concello de O Porriño:

Para todas as persoas beneficiarias do programa, o bono enerxético do Concello de O Porriño consistirá nunha axuda directa de 300 € (450 € no caso das familias numerosas).

Modalidade de acceso:

Concorrenza non competitiva, ata o esgotamento do crédito orzamentario, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2 poderá exceptuar do requisito de fixar un orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúna os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Procedemento:

1.- A instancia de parte a través de modelo xenérico de solicitude (ANEXO I destas bases) presentada no Rexistro Municipal do Concello de O Porriño, de acordo ao seguinte:

- As persoas destinatarias contempladas no apartado **A)** deberán acompañar a solicitude (ANEXO I) cun título acreditativo da súa identidade, en vigor (d.n.i., n.i.e....), factura que





Concello do Porriño

conteña o bono social de referencia, en vigor na data de solicitude, e un certificado dunha conta bancaria da súa titularidade.

- A persoa solicitante que se atope incluída dentro da poboación en situación de pobreza enerxética contemplada no apartado **B)**, deberá acompañar a solicitude coa seguinte documentación:

- Título acreditativo da súa identidade, en vigor (d.n.i., n.i.e....).
- Factura de consumo de enerxía eléctrica e/ou enerxética inmediatamente anterior á data de solicitude do bono enerxético do Concello de O Porriño correspondente ao seu domicilio habitual.
- Certificado dunha conta bancaria da súa titularidade.
- Vida laboral das persoas en idade de traballar que formen parte da unidade de convivencia, e, de ser o caso, nómina daquelas que manteñan unha actividade laboral, inmediatamente anterior á data de solicitude.
- Certificados de prestacións do Instituto Nacional da Seguridade Social, do Servicio de Empleo Público Estatal e da Xunta de Galicia.
- Volante de empadramento colectivo.
- Contrato de alugueiro da vivenda habitual.
- Toda aquela que, atendendo á situación da unidade familiar solicitante, lle sexa requirida polo persoal de traballo social do departamento municipal de servicios sociais comunitarios básicos para a correcta valoración da solicitude.

No caso das solicitudes contempladas neste apartado, cando as facturas de consumo non se atopen a nome da persoa solicitante ou algún membro da súa unidade familiar, deberase aportar documentación acreditativa que permita comprobar de xeito inequívoco que se está asumindo o pago das mesmas.

- A persoa solicitante que se atope incluída dentro de apartado **C)**, deberá acompañar a solicitude cun título acreditativo da súa identidade, en vigor (d.n.i., n.i.e....), factura de subministro eléctrico a nome dalgunha das persoas que forman parte da unidade familiar da persoa solicitante, inmediatamente anterior á data de solicitude (no caso de que non coincida a persoa solicitante coa persoa titular do contrato de subministro eléctrico deberá aportarse volante de empadramento colectivo), certificado dunha conta bancaria da súa titularidade e informe médico onde se acredite a necesidade do mantemento do subministro eléctrico para garantir a correcta cobertura de tratamentos médicos.

En todos os casos os beneficiarios solicitantes, deberán aportar:

-Acreditación válida e en vigor, no caso de a persoa solicitante pertenza a unha familia numerosa.

-O modelo de conta xustificativa simplificada do ANEXOII destas bases, consonte ao establecido no artigo 75 RD 887/2006, de 21 e xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

2.- As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nas bases se tramitarán e se resolverán pola alcaldía por orde de entrada da solicitude no rexistro. Ditas resolucións serán notificadas aos interesados. (Artigos 40 e 71.2 da Lei 39/2015, de 1 de procedemento administrativo común das administracións públicas).





Concello do Porriño

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria se requirirá ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou aporte os documentos preceptivos.

3.- Estas bases do programa de bono enerxético para persoas vulnerables ou en risco de exclusión do concello de O Porriño para o exercicio 2023 publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello de O Porriño, e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org e nas redes sociais municipais.

4.- De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8.a) de la Lei 38/2023, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se comunicará á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida pola mesma, e un extracto do texto desta CONVOCATORIA para publicalo no BOPPO a través da BDNS.

5.- O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 15 de novembro de 2023.

6.- Con todo, no suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se acabase o crédito establecido na convocatoria, o alcalde, órgano concedente, acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do concello de o Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

7.- A presentación fóra de prazo da solicitude implicará a súa inadmisión.

8.- A instrución do procedemento de concesión, seguimento e cumprimento desta subvención, corresponderá aos traballadores/as sociais do departamento de Servizos Sociais do Concello de O Porriño, como departamento instrutor e xestor a todos os efectos.

a) Recibidas as solicitudes, o departamento xestor da subvención, comprobará que se presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos e avaliará as solicitudes de conformidade co establecido nestas bases. Dentro destas actuacións se contempla expresamente o informe dos traballadores/as sociais do departamento xestor que poñerá de manifesto o cumprimento total do obxecto da subvención.

b) Emitidos os informes correspondentes polos traballadores/as sociais, na súa calidade de órgano instrutor, o concelleiro Delegado de servizos sociais formulará a oportuna proposta de resolución que deberá ser fiscalizada previamente pola Intervención municipal.

c) A resolución a ditará o alcalde, como órgano competente, e será notificada aos beneficiarios.

Aplicación orzamentaria e importe

Partida orzamentaria: 231/4800005

Importe: 150.000 euros.





Concello do Porriño

Remisión normativa:

Para todo non previsto nestas Bases, será observará o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no seu regulamento e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa de aplicación

Recursos:

Esta bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polos interesados na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I. SOLICITUDE

D/Dº		DNI
En representación de:		DNI/CIF
Teléfono: Fijo	Teléfono: Móbil	Correo electrónico
Enderezo: Rúa/Número		
Concello	Provincia	Código Postal

Expón: Reunidos os requisitos previstos no apartado A), B), C) (marcar o que proceda) das bases reguladoras do Programa de Bono enerxético para as familias en situación de pobreza enerxética para o ano 2023:

- ☐ A)
☐ B)
☐ C)

Achega: Modelo de conta xustificativa simplificada (ANEXO II).

Solicita: A concesión do bono enerxético para familias en situación de pobreza enerxética para o ano 2023.

O Porriño, _____ de _____ 2023.

Sinatura:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 e LOPD GDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DO PORRIÑO (NIF P3603900F)

Cod. Validación: 9PHHNDKGFQJ27NGN24PRYDXZT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9





Concello do Porriño

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1.a do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1.e do RGPD).

DESTINATARIOS DE LOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión d a súa solicitude;

PRazo DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas abrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "Protección de Datos";

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: ddp@oporriño.org

ANEXO II

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA DA SUBVENCIÓN

Datos do beneficiario/a da subvención

Nome e apelidos:

NIF:

Subvención ano ou actividade subvencionada: Bono enerxético 2023.

Importe concedido:

A. Memoria de actuación: Se fai constar que se cumpre cos requisitos marcados polas bases do bono enerxético aprobadas polo concello de O Porriño para o exercicio 2023 e que os fondos recibidos se destinarán aos gastos especificamente subvencionados nas citadas bases.

B. Relación clasificada dos gastos efectuados relacionados coa actividade subvencionada.

Fecha factura	Proveedor	Nº de factura	Importe	Fecha pago

C. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que haxan financiado a actividade subvencionada.

Entidade	Importe concedido para o mesmo fin

D. Por tanto, os gastos asumidos dentro do obxecto da subvención (electricidade, gas ou outros similares):

☐ Non son superiores aos importes recibidos en concepto de subvenciones das distintas Administracións co mesmo obxecto.

☐ Son superiores aos importes recibidos en concepto de subvenciones das distintas Administracións co mesmo obxecto.

En O Porriño, a _____ de _____ 2023

Firma do beneficiario.

SEGUNDO.- Transmitir as citadas bases e convocatoria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOPPO a través da BDNS.





Concello do Porriño

TERCEIRO.- A presente resolución, pon fin á vía administrativa, é contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos:

A) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou o acto, no prazo de UN MES, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación. (Art.123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -BOE núm. 236 de 02-10-2015-).

Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderá entender que foi desestimado e interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de SEIS MESES, a contar desde o día seguinte ao da desestimación presunta.

B) Directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación. (Arts. 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa -BOE núm. 167 de 14 de xullo de 1998-).

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

C) Poderase exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente. (Art. 40.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.

